

# **PLAN DE EMERXENCIA- EVACUACIÓN**

**CENTRO: CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA**

**DATA: NOVIEMBRE 2019**

## **DOCUMENTO I: INFORMACIÓN XERAL DO RISCO**

### **Capítulo 1. Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade.**

- 1.1 Dirección Postal do emprazamento da actividade. Teléfono e Fax.
- 1.2 Nome do Xefe de Emerxencias e o de Xefe de Intervención, caso de ser distintos. Dirección Postal, Teléfono e Fax.

### **Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.**

- 2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan.
- 2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.
- 2.3 Clasificación e descrición de usuarios.
- 2.4 Descrición da contorna urbana, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.
- 2.5 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa.

### **Capítulo 3. Inventario, análise e avaliación de riscos.**

- 3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma.

## **DOCUMENTO II: MEDIOS DE PROTECCIÓN**

### **Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de emerxencia.**

4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, afrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.

### **Capítulo 5. Programa de mantemento de instalacións.**

5.1 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas.

5.2 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas.

5.3 Realización das inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente.

## **DOCUMENTO III: PLAN DE ACTUACIÓN**

### **Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias.**

6.1 Identificación e clasificación das emerxencias

6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias:

a) Detección e Alerta.

b) Mecanismos de Alarma.

b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.

b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.

c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.

- d) Evacuación e/ou Confinamento.
- e) Prestación das Primeiras Axudas.
- f) Modos de recepción das Axudas externas.

## **DOCUMENTO IV: IMPLANTACIÓN**

### **Capítulo 7. Integración do plan de emerxencia noutros de ámbito superior.**

- 7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia
- 7.2 A coordinación entre a dirección do plan de emerxencia e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o plan de emerxencia.
- 7.3 As formas de colaboración da organización de emerxencia cos plans e as actuacións do sistema público de protección civil.

### **Capítulo 8. Implantación do Plan de Emerxencia.**

- 8.1 Identificación do responsable da implantación do Plan.
- 8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Emerxencia.
- 8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o Plan de Emerxencia.
- 8.4 Programa de información xeral para os usuarios.
- 8.5 Sinalización e normas para a actuación de visitantes.
- 8.6 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.

### **Capítulo 9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Emerxencia.**

- 9.1 Programa de reciclaxe de formación e información.

9.2 Programa de substitución de medios e recursos.

9.3 Programa de exercicios e simulacros.

9.4 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Emerxencia.

9.5 Programa de auditorías e inspeccións.

## **ANEXOS**

### **Anexo I. Directorio de comunicación.**

1. Teléfonos do Persoal de emerxencias.
2. Teléfonos de axuda exterior.
3. Outras formas de comunicación.

### **Anexo II. Formularios para a xestión de emerxencias.**

### **Anexo III. Planos**

## **DOCUMENTO I: INFORMACIÓN XERAL DO RISCO**

## **CAPÍTULO 1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DO EMPRAZAMENTO DA ACTIVIDADE.**

### **1.1 Dirección Postal do emprazamento da actividade. Teléfono e Fax.**

<b>Denominación</b>	<b>CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA</b>
<b>Dirección postal</b>	<b>FRAGA DO REI S/N 36864 SANTIAGO DE OLIVEIRA</b>
<b>Localidade</b>	<b>PONTEAREAS</b>
<b>Teléfonos</b>	<b>Dirección: FRAGA DO REI S/N Centralita: 886120782 886120783</b>
<b>Fax</b>	<b>886120784</b>
<b>Correo electrónico</b>	<b>ceip.fragadorei@edu.xunta.es</b>

### **1.2 Nome do Xefe de Emerxencias e o de Xefe de Intervención. Dirección Postal, Teléfono e Fax**

Xefe de Emerxencias	
Nome	M <sup>a</sup> Elizabeth Pregal Pollo
Dirección	FRAGA DO REI S/N 36864 SANTIAGO DE OLIVEIRA
Teléfonos	886120782 886120783 Móbil 659430822

Xefe de intervención	
Nome	Patricia Pereira Iglesias
Dirección	FRAGA DO REI S/N 36864 SANTIAGO DE OLIVEIRA
Teléfonos	886120782 886120783 Móbil 620962057

## CAPÍTULO 2. DESCRICIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE.

### 2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan.



<b>Actividade principal</b>	<b>Educativo</b>
<b>Niveis educativos</b>	<b>Educación Infantil</b>
	<b>Educación Primaria</b>

## 2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.

O establecemento consta de dous edificios unidos por un patio cuberto. O principal con dúas plantas onde están as aulas e as zonas de administración e reunións. O outro edificio son os vestiarios e a zona da caldeira.

### 2.2.1 Datos do conxunto do Establecemento.

O centro educativo está composto por dous edificios: un edificio principal e un edificio de vestiarios. O edificio principal componse de dúas plantas onde se atopan as aulas e as zonas de administración. O edificio pequeno componse de vestiarios. Ambos edificios están unidos polo patio cuberto.

<b>Edificio</b>	<b>Uso</b>	<b>Superficie</b>	<b>Situación</b>	<b>Características estruturais</b>
<b>A</b>	Aulas de Administración	1600m <sup>2</sup>	No centro do recinto escolar	Dúas plantas
<b>B</b>	Vestiarios	60m <sup>2</sup>	Ao lado do patio cuberto	Tres vestiarios Zona de caldeira na parte de atrás

### 2.2.2 Sectores de incendio.

Na planta superior do edificio principal (A) hai un sector de incendio que é a aula de informática. Ten unha porta cortalumes que illa esta parte co resto dos sectores do edificio. Esta porta foi incorporada posteriormente á construción do edificio, polo que a aula non está totalmente acondicionada. Ten falso teito e paredes igual que as demais zonas do edificio.

Sector 1, edificio A

Planta –Zona	Actividade	Sup. En m <sup>2</sup>	Ocupación
Primeira Planta	Aula de informática	30m <sup>2</sup>	30 persoas
	<b>Totais</b>	<b>30 m<sup>2</sup></b>	<b>30 p.</b>

#### 2.2.4 Vías de evacuación.

As vías de evacuación son verticais, polas escaleiras no medio dos pasillos que unen as dúas plantas do edificio. E horizontais que son o pasillo de cada unha das plantas. Na planta de abaixo hai saída por diante e por detrás.

No proceso de evacuación as persoas sairán en fila india, pegados o pasamáns o máis rápido posible seguindo as indicacións do plano.

Todas as persoas que se atopan na planta de abaixo, sairán pola porta principal. Tamén todas as aulas da planta de arriba que dan a parte de diante, sairán pola porta principal.

As clases que dan para a parte de atrás do colexio, sairán pola parte de atrás. Se algunha clase se atopa no patio dirixiranse de forma ordenada para o punto de encontro. O alumnado que salga pola parte de atrás deberá facelo rodeando o parque infantil.

O punto de reunión é o portal de entrada do colexio.

#### Vías de Evacuación Horizontais

Características	Pasillo 1	Pasillo 2
Ubicación		

<b>Clasificación</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Principal <input type="checkbox"/> Alternativo	<input type="checkbox"/> Principal <input type="checkbox"/> Alternativo
<b>Lonxitude</b>	29,50 m.	51 m.
<b>Anchura vías</b>	2 m.	2 m.
<b>Alumeado de emerxencia</b>	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO
<b>Alumeado de sinalización</b>	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO

#### Vías de Evacuación Verticais

<b>Características</b>	<b>Escaleira 1</b>	<b>Escaleira 2</b>
<b>Emprazamento</b>		
<b>Clasificación</b>	<input type="checkbox"/> Principal <input type="checkbox"/> Alternativo	<input type="checkbox"/> Principal <input type="checkbox"/> Alternativo
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Cerrada <input type="checkbox"/> Exterior	<input type="checkbox"/> Cerrada <input type="checkbox"/> Exterior
<b>Lonxitude</b>	8 m.	8 m.
<b>Anchura vías</b>	1,90 m.	1,90 m.
<b>Posúe vestíbulos</b>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO

<b>Alumeado de emerxencia</b>	<input checked="" type="checkbox"/> <b>SI</b>	<input type="checkbox"/> <b>NO</b>	<input type="checkbox"/> <b>SI</b>	<input type="checkbox"/> <b>NO</b>
<b>Alumeado de sinalización</b>	<input checked="" type="checkbox"/> <b>SI</b>	<input type="checkbox"/> <b>NO</b>	<input type="checkbox"/> <b>SI</b>	<input type="checkbox"/> <b>NO</b>

### 2.3 Clasificación e descrición de usuarios.

O alumnado pode atoparse na súa aula, biblioteca, nas aulas das especialidades (ximnasio, aula informática, aula de música, aula de inglés, aula de PT, aula de AL,...) ou nos patios cuberto ou exterior.

O profesorado pode atoparse en calquera das aulas, na sala de mestres, biblioteca, nos despachos de administración (secretaría, xefatura, dirección, orientación, ...) ou nos patios cuberto ou exterior.

O conserxe ou a persoa de limpeza poden atoparse en calquera lugar das instalacións do centro.

### 2.4 Descrición da contorna urbana, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.

O centro atópase nun entorno natural na súa totalidade. É dicir, atópase nunha zona forestal que forma parte da comunidade de montes. Deste xeito, calquera incendio forestal que se ocasione ao redor do colexio pode ó edificio e os seus usuarios.

#### 2.4.1 Datos da contorna.

<b>Establecemento emprazado en</b>
<input type="checkbox"/> <b>Entorno urbano</b>
<input type="checkbox"/> <b>Polígono industrial</b>
<b>Entorno natural:</b>
<input type="checkbox"/> <b>Zona de cultivo</b>
<input checked="" type="checkbox"/> <b>Zona forestal</b>

## **2.4.2 Usos de edificios lindeiros.**

Non se atopa ningún edificio lindeiro industrial ou urbano nos arredores do colexio que poña en perigo as instalacións do centro educativo.

## **2.5 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa.**

### **2.5.1 Accesos.**

O CEIP Santiago de Oliveira atópase no barrio Fraga do Rei na parroquia Santiago de Oliveira situada na localidade de Pontearreas (Pontevedra).

Pódese acceder ao colexio dende Ourense, a autovía A-52, ou dende Pontearreas, pola carretera de Logroño (a rúa principal), que se une coa rúa Miguel Ángel Blanco (rua secundaria).

As rúas próximas ao colexio son tanto de acceso peonil como rodado, posto que son rúas pertencentes á parroquia de Oliveira, zona totalmente rural. A fachada do colexio ten a fachada principal á rúa secundaria e logo está rodeado dun entorno forestal, parte da comunidade de montes.

### **2.5.2 Ancho das vías.**

A estrada convencional principal de Logroño, pola que se accede ao colexio dende Pontearreas, ten unha anchura media, é dicir, os vehículos circulan por unha sección de dous carrís que mide aproximadamente entre 5 e 6 metros. A rúa secundaria Miguel Ángel Blanco ten unha anchura máis estreita polo que a sección de circulación ten un ancho aproximado de 3,50 metros. A vía secundaria non ten aceirado. É ben certo que hai zonas de vivendas e curvas onde a calzada estreitase algo máis.

### **2.5.3 Sentidos de circulación.**

Como se mencionou no apartado anterior, pódese acceder ao centro de Ourense, pola A-52 (que deriva na nacional) ou de Ponteareas, pola estrada de Logroño. Ambas únense na rúa Miguel Ángel Blanco.

O percorrido que realizaría os bombeiros desde o Parque Municipal de Ponteareas ( o parque de bombeiros máis próximo ao colexio) sería a seguinte: sairían de Rúa Pombas en Ponteareas, en dirección norte, pola nacional EP-4006, e xiraría á esquerda cara a rúa Miguel Ángel Blanco en dirección CEIP Santiago de Oliveira (ben sinalado nas rúas). Ambos sentidos de circulación das rúas son de ambos sentidos. É dicir, o sentido de circulación da rúa Pombas ( Parque Municipal de Bombeiros) é da rúa EP-4006 cara á rúa Miguel Ángel Blanco, e viceversa.

#### **2.5.4 Accesibilidade de vehículos pesados.**

Os autobuses que acceden ao colexio veñen desde Ponteareas e das aldeas próximas pola rúa Miguel Ángel Blanco, pasando por Celeiros, pois por esa zona é mais ancha a calzada sen camiños máis estreitos, polo non se atopan con dificultades de xiro. Para o acceso dos vehículos pesados, os establecemento ten accesibilidades porque os autobuses rodean Celeiros pola rúa Miguel Ángel Blanco.

## **CAPÍTULO 3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS.**

**3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma.**

### **3.1.1 Instalacións propias do edificio.**

Segundo a Orde 22 de xullo de 1997 as instalacións poñeranse sempre a disposición da administración para a formación do profesorado, a educación de adultos, etc. Para a utilización das mesmas por persoas alleas á comunidade educativa débese presentar una solicitude ante a dirección do centro. Antes de aceptar a solicitude tómanse en conta os fins da actividade e o horario estará en función do horario do conserxe. O horario do centro é de 8:45 a 13:45

O centro ten dúas plantas comunicadas entre sí por dúas escaleiras, unha a cada lado. Na planta baixa temos dúas saídas cara ó exterior, una pola parte dianteira e a outra pola parte traseira do centro. No croquis do centro aparecen debidamente sinaladas igual que as distintas dependencias, extintores e tomas de auga en caso de ser necesarias ante unha situación de emerxencia.

Existen extintores nas distintas plantas así como tomas de auga nos aseos das nenas tanto da planta baixa coma da primeira. Os extintores son revisados e renovados anualmente. Na planta baixa, o centro conta con catro extintores sitos dous deles ó lado das aulas de infantil, outro á entrada do salón de actos e o outro ó lado do despacho de dirección. Na planta primeira, o centro conta con tres extintores, un en cada ala do centro e o outro no almacén.

#### **3.1.1.1 Electricidade.**

A instalación eléctrica compre co Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e normas complementarias que o desenvolven.

Na seguinte táboa, indicamos os datos relevantes da electricidade empregada no centro:

<b>Fonte de subministro</b>	<input type="checkbox"/> xeneración propia <input checked="" type="checkbox"/> compañía
<b>Potencia xerada ou contratada</b>	13.82 Kw/h
<b>Emprazamento do cadro xeral</b>	Pasillo 1
<b>Emprazamento dos cadros de zonas</b>	
	Pasillo 2
	Pasillo 2

### 3.1.1.2 Calefacción.

As características da caldeira que se emprega no centro é das seguintes características:

<b>Combustible</b>	Gasóleo
<b>Ubicación</b>	Edificio B
	Parte de atrás dos vestiarios

Sobre o depósito de almacenamento de combustible indicamos os seguintes datos:



<b>Tipo de combustible</b>	<b>Gasóleo</b>
<b>Uso</b>	<input checked="" type="checkbox"/> calefacción <input type="checkbox"/> auga quente
<b>Tanque</b>	<input type="checkbox"/> aéreo <input checked="" type="checkbox"/> enterrado
<b>Capacidade</b>	<b>5000 m<sup>3</sup></b>
<b>Emprazamento</b>	<b>No lateral do Edificio A</b>

## **DOCUMENTO II: MEDIOS DE PROTECCIÓN**

### **CAPÍTULO 4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE EMERXENCIA.**

#### **4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, afrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.**

As instalacións do centro están reguladas e establecidas no Código Técnico da Edificación, Documento Básico Seguridade en caso de incendios

##### **4.1.1 Medios materiais: Instalacións de Protección.**

Ante unha situación de emerxencia teranse en conta os seguintes medios e medidas de seguridade:

1. Medidas de alarma: Os ocupantes do centro, ante unha situación de emerxencia, deben comunicarse entre sí mediante o timbre do colexio ou oralmente. En cada unha das aulas hai un plano descriptivo de todo o centro e as normas de actuación do persoal do centro ante unha situación de emerxencia. Como norma prioritaria terase en conta chamar ó teléfono 112. O xefe de emerxencia e o xefe de intervención avisarán ós bombeiros de Pontearreas para axilizar e comunicaraselle o 112 que xa foron avisados.

2. Accións: Para levar a cabo as respectivas accións de emerxencia, teremos en conta os medios materiais e humanos do centro.

- Medios materiais: O centro dispón de botiquín equipado. Está en coñecemento de todos/as os/as traballadores/as a ubicación de dito botiquín, así como o contido e o manexo que del se fai. Existen extintores nas distintas plantas así como unha toma de auga nos aseos das nenas tanto na planta baixa coma na primeira. Os extintores son revisados e renovados anualmente. Na planta baixa, o centro conta con catro extintores, dous deles ó lado das aulas de infantil, outro á entrada do salón de actos e o outro ó lado do despacho de dirección. Na planta primeira, o centro conta con tres extintores, un en cada ala do centro e o outro no almacén. As saídas do centro están debidamente sinaladas e iluminadas.

- Medios humanos: Cada mestre/a debe responsabilizarse do desaloxo do grupo de alumnado co que se atope nese momento e ir diante do grupo. Así mesmo pechará as fiestras da aula correspondente. A persoa encargada de chamar ós servizos de emerxencia será a que se atope na planta de abaixo. O mesmo tempo tocará o timbre tres veces para iniciar a evacuación. O conserxe encargarse de desconectar a electricidade e o suministro de gasóleo e abrir o portal de entrada ó recinto escolar. O proceso de evacuación explicouse en apartados anteriores.

#### 4.1.1.1 Extintores.

Segundo o Regulamento 1942/93, os extintores de incendio do centro axústanse ao establecido no Regulamento de aparellos a presión e á súa instrución técnica complementaria MIE-AP5. Son facilmente visibles e accesibles e están próximos aos puntos de risco.

O DB SI establece que deben contar con esta instalación os establecementos e zonas destinadas aos usos seguintes:

#### Uso previsto do edificio ou condicións do establecemento

**8 extintores de eficacia 27A -183B-C**

**- 7 cada 15 m de recorrido en cada planta dende toda orixe de evacuación**

**- Un na zona da caldeira EDB**

Os extintores do centro clasifícanse polo tip de carga e a súa eficacia.

A eficacia determínase por un número ou unha letra. Ambos conxuntamente definen o lume TIPO que é capaz de extinguir un determinado extintor. O NÚMERO indica a cantidade de combustible utilizado no lume tipo e a LETRA é o tipo de combustible empregado no fogar tipo.

Na relación de extintores que mostramos na seguinte táboa consideramos os seguintes factores:

- O axente extintor.
- A eficacia.
- O número de identificación do extintor.
- A localización.

Número	Axente extintor	Eficacia	Nº de placa	Emprazamento
--------	-----------------	----------	-------------	--------------

1	Pó	27A C	183B	11001-22	P.1
2	Pó	27A C	183B	11018-22	P.1
3	Pó	27A C	183B	11005-22	P.1
4	Pó	27A C	183B	10621-28	P.1
5	Pó	27A C	183B	11008-22	P.2
6	Pó	27A C	183B	10617-28	P.2
7	Pó	27A C	183B	11019-22	P.2
8	Pó	27A C	183B	11016-22	Caldeira EDB

Segundo o criterio do sentido común, os extintores atópanse:

- Na zona da caldeira.
- Nas entradas ou saídas do recinto.
- Con fácil visibilidade.
- Con fácil acceso (a 1,50m do chan).
- Protexidos dos ambientes agresivos.

#### 4.1.1.2 Iluminación de emerxencia.

Segundo o CTE, o edificio dispón de iluminación de emerxencia.

### **Dotación**

O edificio dispón dunha iluminación de emerxencia que, en caso de fallo da iluminación normal, reforce a iluminación necesaria para facilitar a visibilidade aos usuarios de maneira que poidan abandonar o edificio, evite as situacións de pánico e permita a visión dos sinais indicativos das saídas e a situación dos equipos e medios de protección existentes.

Conta con iluminación de emerxencia as zonas e os elementos seguintes do centro educativo:

Todo o recinto, todo o percorrido de evacuación e os aseos das plantas (alumnado e profesorado).

### **Posición e características das luminarias**

Co fin de proporcionar unha iluminación axeitada as luminarias cumpren as seguintes condicións:

- a) sitúanse polo menos a 2 m por encima do nivel do chan;
- b) dispense nas seguintes situacións:
  - nas portas existentes nos percorridos de evacuación
  - nas escaleiras, de modo que cada tramo de escaleiras recibe iluminación directa
  - en calquera outro cambio de nivel
  - nos cambios de dirección e nas interseccións de corredores

### **Características da instalación**

1. A instalación é fixa, está provista de fonte propia de enerxía e entra automaticamente en funcionamento ao producirse un fallo de alimentación na instalación de iluminación normal nas zonas cubertas pola iluminación de emerxencia. Considérase como fallo de

alimentación o descenso da tensión de alimentación por baixo do 70 % do seu valor nominal.

2. A iluminación de emerxencia das vías de evacuación debe alcanza aproximadamente o 50% do nivel de iluminación requirido ao cabo dos 5 s e o 100 % ao 60 s.

3. A instalación cumpre as condicións de servizo durante unha hora, como mínimo, a partir do instante en que teña lugar o fallo:

a) Nas vías de evacuación cuxa anchura non exceda os 2 metros de ancho ( pasillos e escaleiras).

b) Nos puntos nos que estean situados os equipos de seguridade, as instalacións de protección contra incendios de utilización manual e os cadros de distribución da iluminación.

c) Ao longo da liña central dunha vía de evacuación, a relación entre a iluminancia máxima e a mínima non é maior que 40:1.

d) Os niveis de iluminación establecidos obtéñense considerando nulo o factor de reflexión sobre paredes e teitos e contemplando un factor de mantemento que englobe a redución do rendemento luminoso debido á sucidade das luminarias e ao envellecemento das lámpadas.

e) Co fin de identificar as cores de seguridade dos sinais, o valor mínimo do índice de rendemento cromático Ra das lámpadas é de 40.

### **Iluminación dos sinais de seguridade**

1. A iluminación dos sinais de evacuación indicativas das saídas e dos sinais indicativos dos medios manuais de protección contra incendios e dos de primeiros auxilios, deben cumprir os seguintes requisitos:

a) a iluminación de calquera área de cor de seguridade do sinal debe ser polo menos de 2 cd/m<sup>2</sup> en todas as direccións de visión importantes;

b) a relación da iluminación máxima á mínima dentro da cor branca ou de seguridade non debe ser maior de 10:1, debéndose evitar variacións importantes entre puntos adxacentes;

c) a relación entre a iluminación branca, e a iluminación de cor 10, non será menor que 5:1 nin maior que 15:1.

d) os sinais de seguridade deben estar iluminadas polo menos ao 50 % da iluminación requirida, ao cabo de 5 s, e ao 100 % ao cabo de 60 s.

Igual que se indicaba cos extintores, o sentido común di que hai que situar aparellos de iluminación de emerxencia en:

- Próximo a todas as interseccións.
- Encima das portas de saída.
- Próximo a todos os cambios de dirección.
- Nas escaleiras e rellanos.
- Próximo a calquera cambio de nivel do chan.
- Próximo ás alarmas contra incendios.
- Próximo aos equipos de extinción.
- Encima das saídas de emerxencia.
- Xunto ao cadro xeral de iluminación

#### **4.1.2 Medios humanos do Establecemento.**

As persoas que participan na emerxencia constitúen a Brigada de Emerxencias e está formada por:

- Xunta de emerxencia escolar
- X. E., Xefe de Emerxencias.
- X. I., Xefe de Intervención.
- E. A. E., Equipo de Alarma e Evacuación.
- E. P. A., Equipo de Primeiros Auxilios.
- E. P.I., Equipo de Primeira Intervención.



#### **4.1.2.1 Xunta de Emerxencia Escolar**

Está composto por:

- A Dirección
- Representantes dos distintos colectivos que compoñen o Consello escolar

As súas funcións fundamentais son:

- Programar as actividades necesarias para crear unha política de prevención no establecemento.
- Avaliar e analizar a programación prevista, incluídos os simulacros.

#### **4.1.2.2 Xefe de Emerxencias (X.E.).**

É a persoa encargada pola Dirección para resolver as emerxencias.

No plan de emerxencia ten as seguintes funcións:

- Programa de Mantemento das instalacións.
- Programa de Formación da Brigada.
- Investigación das emerxencias.
- Implantación do Plan.
- Recepción das Alarmas.
- Declaración do tipo de Emerxencia.
- Revisión e actualización do plan.
- Supervisión dos exercicios de evacuación e das prácticas da Brigada.
- Recepción dos partes de incidencias.
- Recepción e información a Axudas Exteriores.

#### **4.1.2.3 Xefe de Intervención (X.I.).**

É o coordinador dos equipos que interveñen na resolución da emerxencia.

As súas funcións son:

- Coordinación dos equipos que interveñen na resolución das emerxencias.
- Dirección das prácticas de extinción e de primeiros auxilios que realice a Brigada de emerxencias.
- Substitución do Xefe de Emerxencias.
- Colaboración co Xefe de Emerxencias na formación da Brigada.

#### **4.1.2.4 Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.).**

É o equipo que dá a alarma no seu sector e o evacúa.

As súas misións son:

- Dar a alarma na súa zona ou sector.
- Dirixe o fluxo de evacuación.
- Comproba que a súa zona está baleira.
- Controla os evacuados nos Puntos de Reunión.

#### **4.1.2.5 Equipo de Primeiros Auxilios (E.P.A.).**

É o equipo que dá atención sanitaria primaria até a chegada de persoal sanitario especializado.

As súas misións son:

- Prestar Primeiros Auxilios aos accidentados ata a chegada de Persoal Sanitario Especializado.
- Axudar na Evacuación dos feridos baixo a Dirección do Persoal Sanitario.

#### **4.1.2.6 Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.).**

É o equipo que actúa contra a emerxencia no primeiro momento tentando resolvela

Realizarase un cuadrante que recolla ao persoal adscrito a Brigada de Emerxencias

<b>XUNTA DE EMERXENCIA ESCOLAR</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>
<b>DIRECTORA DO CENTRO</b>	M <sup>a</sup> ELIZABETH PREGAL POLLO
<b>REPRESENTANTE DOCENTES</b>	PATRICIA PEREIRA IGLESIAS
<b>REPRESENTANTE DA ANPA</b>	ALEJANDRO MANUEL RODEIRO MUÑOZ
<b>REPRESENTANTE DO PERSOAL NO DOCENTE</b>	MANUEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

<b>XEFE DE EMERXENCIA</b>
M <sup>a</sup> ELIZABETH PREGAL POLLO

<b>XEFE DE INTERVENCIÓN</b>
PATRICIA PEREIRA IGLESIAS
<b>SUPLENTE</b>
AZUCENA REY FERNÁNDEZ

<b>EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN</b>
MANUEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
AZUCENA REY FERNÁNDEZ

<b>EQUIPO PRIMEIROS AUXILIOS</b>
M <sup>a</sup> ELIZABETH PREGAL POLLO
PATRICIA PEREIRA IGLESIAS

<b>EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN</b>
NIEVES GARCÍA QUILES

AZUCENA REY VÁZQUEZ

MARÍA DEL CARMEN RANCAÑO BORRÁS

## **CAPÍTULO 5. PROGRAMA DE MANTENIMENTO DE INSTALACIONES.**

### **5.1 Descripción do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas.**

O mantemento das instalacións propias realízase conforme establece a normativa vixente nas datas que hai que establecer no Plan.

Revísase a instalación eléctrica e a instalación da calefacción incluíndo a caldeira e o combustible da mesma.

### **5.2 Descripción do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas.**

O mantemento das instalacións de Protección realízase conforme establece a normativa vixente, (na actualidade o R.D.1942/1993 e a Orde de 16/04/1998) nas datas que se concreta o Plan.

Á iluminación de emerxencia realizaráselle unha proba de funcionamento cada seis meses.

A sinalización comprobarase que está visible e que sinala o que ten que sinalar.

#### **Mantemento dos extintores**

1. Operacións a realizar polo persoal dunha empresa mantedora autoriza.
  - a) Cada tres meses:
    1. Comprobación da accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de observación.

2. Inspección ocular de seguros, precintos, inscricións etc.
  3. Comprobación do peso e presión no seu caso.
  4. Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas.
- 
2. Operacións a realizar polo persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo ou sistema ou polo persoal da empresa mantedora autorizada:
    - a) Cada ano:
      1. Comprobación do peso e presión no seu caso.
      2. No caso de extintores de po con botello de gas de impulsión comprobarase o bo estado do axente extintor e o peso e aspecto externo do botello.
      3. Inspección ocular do estado das partes mecánicas.
    - b) Cada cinco anos:
      1. A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) procederase ao retimbrado do mesmo de acordo coa ITC MIE AP5 do Regulamento de aparellos a presión sobre extintores de incendios.



## DOCUMENTO III: PLAN DE ACTUACIÓN

### CAPÍTULO 6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.

#### 6.1 Identificación e clasificación das emerxencias.

Seguindo os criterios establecidos en plans de Protección Civil, e en función do tipo de risco, establécense os seguintes tipos de emerxencia no noso centro educativo:

- Preemerxencia: ou nivel 1, tamén chamado conato de emerxencia, refírese a aquela situación na que o risco ou accidente que o provoca pode ser controlado de forma sinxela e rápida, cos medios e recursos dispoñibles no centro. Por exemplo, no caso de que un neno ou nena teña un accidente leve, etc.
- Emerxencia parcial: ou nivel 2, tamén denominado emerxencia localizada, pois refírese a aquela situación na que o risco ou accidente require para ser controlado a intervención de equipos designados para esas situacións; afectando a unha zona do centro educativo e pode ser necesaria a evacuación parcial ou desaloxo da zona afectada.
- Emerxencia xeral: ou nivel 3, refírese a aquela situación na que o risco ou accidente pon en perigo a seguridade e integridade física das persoas e é necesario proceder ao desaloxo ou evacuación, abandonando inmediatamente o recinto escolar. Require a intervención de equipos de alarma e evacuación e axuda externa. Por exemplo, cando un incendio ou inundación se extenda pola maior parte do colexio.

No centro educativo no que nos atopamos, os momentos de cada un destes tipos de emerxencia variará, e determinaremos, a través deste Plan, cando se pasa dun tipo de emerxencia a outro, segundo a súa gravidade.

## **1. Riscos Naturais.**

### **Risco de inundacións.**

- A preemerxencia comezará cando o Servizo de Protección Civil que corresponda declare a situación de alerta.
- Non existe emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a inundación

### **Risco sísmico.**

- Non existe preemerxencia nin emerxencia parcial xa que este fenómeno non é predicible.
- A emerxencia xeral é sempre a terremoto pasado, e tomaranse medidas reparadoras.

Os fenómenos sísmicos non son casi nada frecuentes na nosa zona, aínda que apareceron pequenos movementos sísmicos cerca de Pontearreas.

## **1. Riscos meteorolóxicos (ou climáticos).**

- A preemerxencia comezará cando o Servizo de Protección Civil declare a situación de alerta.
- Non adoita existir emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a previsión meteorolóxica, (calor, vento, choiva,...).

## **2. Riscos Tecnolóxicos.**

### **Riscos industriais.**



- A preemerxencia sobrevirá despois de calquera incidente que non poida ser controlado.
- A emerxencia parcial dependerá da evolución da preemerxencia e da configuración do establecemento.
- A falta de control da emerxencia nun lugar determinado levará á emerxencia xeral.

O noso centro educativo ten casi nula probabilidade dun risco industrial pois non estamos cerca de ningunha industria ou fábrica industrial, posto que estamos totalmente rodeados dun entorno natural e forestal.

### **Riscos en Transporte de mercadorías perigosas (TMP)**

Este risco non debe terse en conta, pois o centro educativo atópase en vías secundarias por onde non circulan transportes de mercadorías perigosas (TMP), e ademais está rodeado dun entorno natural e forestal.

### **3. Riscos Antrópicos.**

#### **Risco de incendio.**

- A preemerxencia son todos os conatos de incendio,
- A emerxencia parcial prodúcese si non se domina o conato e existen sectores ou edificios diferenciados.
- A emerxencia xeral iníciase cando o incendio excede do sector ou edificio onde se produciu o conato inicial.

O noso centro educativo atópase rodeado dun entorno totalmente natural e forestal, polo que debemos ter en conta este risco de incendio. Posto que se hai un incendio forestal, o colexio verase seriamente afectado, pola cantidade de eucaliptos e monte que se atopa arredor do recinto escolar. Ademais temos que ter en conta que esta zona de Pontearreas e as proximidades son frecuentes os lumes polo seu clima extremo a partir de primavera: bastante calor nas horas puntas e sequidade do monte no verán.

### **6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias.**

Unha vez conformada a Brigada de Emerxencia e adxudicada cada función a cada docente en situación de emerxencia ou evacuación, poderíase proceder a activar o Plan de Autoprotección, dar aviso de alarma, intervención e proceso de evacuación cos axentes

distribuídos na situación corresponde e coa responsabilidade adxudicada. Cada docente, polo tanto, ten o seu papel de actuación definida en cada situación de emerxencia, intervención e evacuación. Cada titor ou titora encargárase de evacuar o seu grupo de alumnado e os especialistas colaborarían con eles na súa organización, para atoparse no exterior no punto de reunión. Tentarase que o sistema sexa o máis fiable posible e elixírase preferentemente medios técnicos, si é posible, para evitar os erros humanos.

### **a) Detección e Alerta.**

Neste momento de emerxencia, a Brigada de Emerxencias, composto polos docentes xunto cos membros de dirección, que se encargan dun papel de actuación, deberá actuar de forma inmediata e previda posible ante calquera situación de perigo.

O sistema de detección da emerxencia será:

- Sistemas predictivos da Administración para os fenómenos naturais.
- Detección automática para incendios, escapes, etc.
- Detección humana no resto dos casos.

No centro educativo, a alerta transmitirase por medios técnicos sempre que sexa posible. Poden utilizarse a través do timbre do colexio, en primeiro lugar, e tamén a través de medios de comunicación. Tamén se podería empregar a megafonía da radio escolar, pois hai altfalantes en todas as aulas e zonas do recinto escolar.

### **b) Mecanismos de Alarma.**

A alarma do colexio utilizarase para comunicar calquera emerxencia a todo o alumnado e profesorado do establecemento e, por conseguinte, a orde de evacuación dunha zona ou sector do recinto escolar. Enténdese que a alarma é, fora dos avisos á hora de entrada, recreo e saída da xornada lectiva, un aviso ou sinal pola que se informa aos nenos e mestres para que sigan instrucións específicas ante unha situación de emerxencia. A alarma transmitirase por medios técnicos ou polo persoal do Equipo de Alarma e Evacuación.

#### **b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.**

O xefe de emerxencia do colexio avisará, a través da alarma ó profesorado e ó alumnado do colexio, e tamén avisará ás axudas exteriores, cando fose necesaria. O aviso ó profesorado realizarase polo Equipo de Alarma e evacuación, que serán postos en funcionamento polo Centro de Control por orde do Xefe de Emerxencias. O aviso ás Axudas Exteriores farase por vía telefónica desde o Centro de Control cando o ordene o Xefe de Emerxencias.

## **b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.**

O Centro de Coordinación de Emerxencias do centro educativo vai ser o Centro de Control. Está situado na planta baixa do colexio, ao lado da entrada do recinto e conta con liña de teléfono directa ao exterior, a centralita do colexio. O Centro de Control coñece os protocolos de chamadas antes calquera dos tres tipos de alarma. Calquera persoa que poida verse involucrada nunha situación de conato de emerxencia está obrigada a comunicalo de inmediato ao Centro de Coordinación. O aviso da situación de alerta poderase realizar por calquera dos medios previstos no edificio que se indiquen. Deberá haber unha orde de chamadas establecidas que varían segundo o nivel de alarma. En todo caso deberase, xunto co equipo de emerxencia:

1. Atender a chamada do Centro de Coordinación de Emerxencias para o recoñecemento da zona e o control da emerxencia se procede.
2. Dirixirse sen entreterse ao momento ou zona que se lles indique.
3. Informar o Centro de Coordinación das causas que motivaron o nivel de Alerta e a avaliación da situación, antes de que transcorran os 10 minutos.
4. Non se efectuará chamadas ao C.C. para solicitar información. Hai que evitar que a Central se bloquee.

As instrucións para a persoa que está na central son:

### Situación de NORMALIDADE

- Manter actualizado o directorio de teléfonos de emerxencia.
- Ter sempre en lugar visible devandito directorio.

### Situación de EMERXENCIA

- Efectuar as chamadas de emerxencia segundo a orde establecida.
- Dar os avisos de emerxencia polo procedemento establecido.
- Seguir as instrucións do Xefe de Emerxencias.

### **c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.**

Os medios técnicos de funcionamento automático ante as emerxencias, funcionarán automaticamente. Os docentes e o persoal non docente que non pertencen á Brigada de Emerxencias e o alumnado, seguirán as instrucións que lles transmita o Equipo de Alarma e Evacuación. O persoal adscrito á Brigada de Emerxencias cumprirá as tarefas asignadas ao Equipo en que estean integrados, segundo o tipo de emerxencia e a súa gravidade.

### **d) Evacuación e/ou Confinamento.**

No plan defínense e describíranse como actuar ante certas situacións de emerxencias:

Haberá circunstancias polas que non se debe realizar unha evacuación e hai que confinarse en zonas determinadas ao efecto. Nestes casos, o Centro de Coordinación de Emerxencias, coordinado co Xefe de Intervención do centro escolar, será o que determine o momento no que hai que realizar determinada evacuación e como se levará a cabo dita evacuación. Nunha evacuación, real ou simulada, os membros do E. A. E. do colexio son os encargados de comprobar a ausencia de alumnos ou profesores ou persoal non docente na súa zona. Son as únicas persoas que deben achegarse ao C.C. para dar información dos asistentes e non asistentes ao momento de reunión así como a información de persoas atrapadas ou feridas no seu sector.

Dada a orde de evacuación, os ocupantes dirixíranse inmediatamente á saída asignada á súa zona e unha vez no exterior dirixírase ao momento de reunión.

No proceso de evacuación as persoas saíran en fila india, pegados o pasamáns o máis rápido posible seguindo as indicacións do plano.

Todas as persoas que se atopan na planta de abaixo, saíran pola porta principal. Tamén todas as aulas da planta de arriba que dan a parte de diante, saíran pola porta principal.

As clases que dan para a parte de atrás do colexio, sairán pola parte de atrás. Se algunha clase se atopa no patio dirixiranse de forma ordenada para o punto de encontro. O alumnado que salga pola parte de atrás deberá facelo rodeando o parque infantil.

O punto de reunión é o portal de entrada do colexio. Para poder pasar control aos asistentes nos puntos de reunión, haberá que facilitar listaxes de persoal por quendas e zonas.

En caso de accidentados ou con impedimentos físicos, feridos, ou enfermos, procederemos a seguir as seguintes instrucións de aplicación xeral:

1º. Seguir as tres actuacións secuenciais P.A.S. establecidas universalmente para atender ao accidentado:

P de PROTEXER: Antes de actuar, analizar a situación de perigo e, se é preciso, protexer ao accidentado desprazándoo fóra da zona de perigo.

A de AVISAR: Dar aviso ao Centro de Control para informar do accidente, da súa gravidade e da súa localización. (Actívase así o Plan de Autoprotección e mobilízase o equipo de socorro.

S de SOCORRER: Unha vez protexemos e avisamos, procederemos a actuar sobre o accidentado dentro das nosas posibilidades e mentres chega o equipo de socorro. Para iso debemos recoñecer os seus signos vitais na orde que se establece:

1. Falarlle para ver se está consciente.
2. Comprobar se respira ou sangra.
3. Tomar o pulso (na carótida) para ver se o corazón late.
4. Evitar aglomeracións en torno ao accidentado.
5. Tapar ao accidentado cunha manta ou abrigo.

En todo proceso de evacuación, todos os membros do colexio deben ter claro tantas as instrucións como as prohibicións no momento da evacuación, para evitar obstáculos e ser os máis eficaces posibles, para non cometer erros ou poñer a vida das persoas en perigo:

### INSTRUCCIÓNS de EVACUACIÓN

1. Manter a calma.

2. Comezar a evacuación cando se de o sinal de alarma.
3. Obedecer instrucións do E. A. E.
4. Evacuar a zona en orde, sempre as aulas mais próximas as escaleiras no primeiro lugar e as plantas inferiores antes das superiores
5. Realizar a evacuación en silencio.
6. Se a vía de evacuación está chea de fume, selar o acceso e esperar as axudas exteriores.
7. Si cando soa a sinal de evacuación non se está no seu lugar habitual, deberase unir ao primeiro grupo que se vexa e dar conta desta circunstancia no punto de reunión.

-

#### PROHIBICIÓNS DURANTE A EVACUACIÓN:

1. Separarse do grupo evacuado.
2. Deixar ocos nas filas de evacuación.
3. Levar vultos ou similares.
4. Correr.
5. Empuxarse e atropelarse.
6. Deterse.
7. Retroceder por algo ou por alguén.
8. Utilizar os ascensores.
9. Abandonar os puntos de reunión até nova orde.

#### **NORMAS XERAIS**

1. En xeral, axudarse uns a outros.
2. Transportar aos impedidos dunha maneira eficaz.

3. Dirixir e axudar con especial atención aos discapacitados.
4. Comunicar ao E. A. E. as incidencias observadas na evacuación.
5. Parar e desconectar as máquinas que se estean utilizando.

## DOCUMENTO IV: IMPLANTACIÓN

### CAPÍTULO 7. INTEGRACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA NOUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR.

#### **7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia.**

Unha vez que o ordene o Xefe de Emerxencias do centro educativo, realizaranse as chamadas aos Servizos de Axuda Exterior. Como norma xeral e sempre que se necesite avisar a varios Servizos, avisaremos ao teléfono de Emerxencias 112, xa que, cunha soa chamada, está a avisarse a todos os Servizos necesarios. En caso de emerxencia médica, chamaremos tamén ao Servizo de emerxencias sanitarias 061, pero única e exclusivamente en caso de emerxencia sanitaria.

#### **7.2 A coordinación entre a dirección do Plan de Emerxencia e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o Plan de Emerxencia.**

Os Plans de Emerxencia do colexio integraranse nos Plans de Protección Civil de Ámbito Local. Os Servizos de Axuda Exterior dos Municipios son, en principio e dependendo da organización de cada Concello, a Policía Local e o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamentos. Unha vez que se solicita axuda aos Servizos de Axuda Exterior, cando cheguen ao colexio serán informados polo Xefe de Emerxencias, faranse cargo da resolución da emerxencia.



En función da evolución da emerxencia, se fora necesario, o Xefe de Intervención do Servizo de Axuda Exterior Municipal poderá propor á Autoridade Política a activación do Plan de Protección Civil de Ámbito Local. No caso de activarse o Plan de Protección Civil de Ámbito Local, a Dirección da emerxencia corresponderá ao Director do Plan, xeralmente o Alcalde, Xefe Local de Protección Civil, asistido polo Comité Asesor, e que ten no lugar da emerxencia un Posto de Mando Avanzado, composto polos Xefes de Intervención dos Servizos de Axuda Exterior Municipais.

### **7.3 As formas de colaboración da Organización de Emerxencia cos plans e as actuacións do sistema público de Protección Civil.**

A colaboración entre a organización de Emerxencia do colexio e o sistema público de Protección Civil será bidireccional, de Protección Civil co colexio e do colexio con Protección Civil. É dicir, coordinarémonos nos seguintes momentos e formas:

1. De Protección Civil co colexio:
  - Asesoramento na implantación.
  - Colaboración na formación, tanto teórica como práctica.
2. Do colexio con Protección Civil:
  - Inspeccións do establecemento para coñecelo.
  - Coñecemento dos equipos instalados no mesmo.
  - Participación nos simulacros para lograr unha coordinación efectiva.

## **CAPÍTULO 8. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA.**

### **8.1 Identificación do responsable da implantación do Plan.**

A dirección do colexio é a responsable de por en funcionamento o Plan de Emerxencia. Todos os membros do equipo directivo, os mestres e mestras do claustro e o persoal de administración e servizos teñen que participar para conseguir a implantación do Manual de Emerxencia e os fins do mesmo. (Lei 31/95, art. 20). Como xa se indicou no apartado 4.1.2, o Xefe de Emerxencias é o responsable da implantación de plan. O Xefe de Emerxencia do colexio é a directora do colexio, cos datos e contacto recollidos en apartados anteriores.

### **8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Emerxencia.**

Hai que realizar unha formación dos integrantes da Brigada de Emerxencias. Os programas concretos determinaranse en función do perigo do centro e da resposta que se quere obter. Serán impartidos preferentemente por profesionais ou especialistas de cada unha das materias.

No noso centro, xa recibimos formación do Equipo de Primeiros Auxilios relativo a::

- os primeiros auxilios aos accidentados.
- as técnicas básicas de RCP.
- o transporte de feridos.

A formación do Equipo de Primeira Intervención centrarase en:

- Sinalización.
- Coñecemento do Plan.
- A teoría do lume.
- Tipos de lumes
- Mecanismos de extinción
- Os axentes extintores.
- Os equipos de loita contra incendios.
- Prácticas con lume real.

### **8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o Plan de Emerxencia.**

Todo o persoal docente e non docente coñecerá o Plan, en liñas xerais. Nas reunións de Claustro realizaremos unha sesión informativa para todo o persoal do colexio, darase a coñecer o Plan de Emerxencia do establecemento e explicaranse as funcións de cada membro da Brigada de Emerxencias. A información sobre o Plan aos usuarios do colexio realizarase en sesións informativas:

- 1ª sesión: No claustro con datas xa establecidas
- 2ª sesión: No claustro con datas xa establecidas

### **8.4 Sinalización**

Como complemento á información facilitada, colocaranse carteis sobre:

- Medidas de prevención de incendios: na entrada do colexio, na primeira planta.

- Normas de evacuación: na porta de cada aula do colexio, xunto cos planos de evacuación.
- Puntos de reunión: na porta de cada aula, xunto cos planos de evacuación.
- Sinais de Alarma, na porta de cada aula, xunto cos planos de evacuación.

#### **8.5 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.**

<b>Medios</b>	<b>Datas de realización</b>
<b>Confección de planos</b>	<b>NOVEMBRO 2019</b>
<b>Incorporación de medios técnicos</b>	<b>1º TRIMESTRE 2019</b>
<b>Confección de carteis.</b>	<b>NOVEMBRO 2019</b>
<b>Reunións informativas</b>	<b>DURANTE 2019 E 2020</b>
<b>Selección do persoal que formará parte da Brigada de Emerxencias.</b>	<b>NOVEMBRO 2019</b>
<b>Formación do persoal seleccionado.</b>	<b>NOVEMBRO 2019</b>
<b>Colocación de carteis.</b>	<b>1ºTRIMESTRE</b>

<b>Colocación de planos <i>Vostede está aquí.</i></b>	<b>1ºTRIMESTRE</b>
<b>Colocación de sinais previstos</b>	<b>1ºTRIMESTRE</b>
<b>Realización de simulacros.</b>	<b>2º TRIMESTRE</b>

## **CAPÍTULO 9. MANTEMENTO DA EFICACIA E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA.**

### **9.1 Programa de reciclaxe de formación e información.**

Periodicamente realizaremos unha reciclaxe da formación impartida inicialmente e da información que se facilitou ao persoal docente e non docente. Neste apartado estableceremos o programa a seguir para a reciclaxe e estableceremos os criterios que o xustificuen. Realizaremos un curso de reciclaxe anualmente aos compoñentes da Brigada de Emerxencias, en especial da fase práctica, como as prácticas de RCP e de extinción de incendios. Cando se renove ou se incorpore persoal á Brigada, impartiráselles a mesma formación que se deu inicialmente aos compoñentes da mesma; pois no colexio hai docentes que son interinos, substitutos, interinos ou funcionarios provisionais, polo que non teñen a definitiva no centro e poden variar.

Cada vez que se cambien as condicións das instalacións do centro educativo, os procedementos de traballo, incorpórense novas tecnoloxías, etc., realizaremos unha revisión do Plan de Emerxencia e, posiblemente, realizaremos unha reciclaxe dos compoñentes da Brigada, sempre que sexa necesario.

O mantemento da formación e información realizarase nos claustros do profesorado:

- Cursos de reciclaxe: Anualmente
- Cursos de novo persoal: Anualmente
- Recordatorio información ao persoal: trimestralmente

## **9.2 Programa de simulacros.**

Neste apartado estableceremos as datas para a realización dos dos simulacros. O simulacro é a comprobación de que o sistema de emerxencia deseñado é válido.

Os simulacros serven para:

- Detectar omisións nas condutas previstas no Plan.
- Adestrarse nas evacuacións.
- Medir os tempos de evacuación.
- Comprobar a localización dos medios de protección e o seu estado.
- Comprobar a rapidez das misións asignadas ó persoal docente e non docente.
- Comprobar a correcta posta dos equipos.
- Comprobar a sinalización.

### **Na fase de preparación realizarase:**

- Reunións da Dirección e todo o claustro.
- Determinación das bases ou supostos do exercicio.
- Información aos usuarios, si establécese algunha norma ou o quere a Dirección do colexio, pero sen avisar o día nin a hora.
- Determinación do día e hora do simulacro, tentando manter o factor sorpresa.
- Reunións con Axudas Exteriores, aínda que non participen no exercicio.

### **O desenvolvemento do simulacro terá as seguintes etapas:**

- Localización dos Controladores nos lugares prefixados.
- Dar o sinal de ALARMA.

- Realizar a evacuación do establecemento.
- Os E.A.E. controlarán os tempos de evacuación da planta asignada ata o reconto no punto ou puntos de reunión.
- Ordenar o regreso ao establecemento.
- Avaliación do exercicio

Con posterioridade á realización do simulacro deberá existir unha reunión dos responsables de seguridade no establecemento, para avaliar todas as incidencias habidas no simulacro.

A realización dos exercicios terá lugar:

- Realización simulacro: anualmente 1 ou 2 veces por cada curso académico

### **9.3 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Emerxencia.**

Neste apartado estableceremos os criterios que orixinarán unha revisión do plan.

- Cambio das condicións das instalacións.
- Cambio ou modificación dos procedementos de traballo.
- Incorporación de novas tecnoloxías.
- Cambio ou modificación dos membros da Brigada de Emerxencias
- Consecuencia da análise dos exercicios e simulacros que se efectuaron no establecemento.

**ANEXOS**



## ANEXO I. DIRECTORIO DE COMUNICACIÓN.

### 1. TELÉFONOS DO PERSOAL DE EMERXENCIAS.

<b>XEFE DE EMERXENCIA</b>	<b>MÓBIL</b>
M <sup>a</sup> ELIZABETH PREGAL POLLO	659430822

<b>XEFE DE INTERVENCIÓN</b>	<b>MÓBIL</b>
PATRICIA PEREIRA IGLESIAS	620962057
<b>SUPLENTE</b>	
AZUCENA REY FERNÁNDEZ	625787715

<b>EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN</b>	<b>MÓBIL</b>
MANUEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	629650700
AZUCENA REY FERNÁNDEZ	625787715

## 2. TELÉFONOS DE AXUDA EXTERIOR.

<b>AXUDAS EXTERNAS DE EMERXENCIAS</b>	<b>TELÉFONO</b>
<b>EMERXENCIAS</b>	<b>112</b>
<b>EMERXENCIAS SANITARIAS</b>	<b>061</b>
<b>PROTECCIÓN CIVIL</b>	<b>986642830</b>
<b>PARQUE BOMBEIROS</b>	<b>986642830</b>
<b>GARDA CIVIL</b>	<b>986644086</b>
<b>POLICÍA NACIONAL</b>	<b>091</b>
<b>POLICÍA LOCAL</b>	<b>986640050</b>

**CENTRO MÉDICO**

**986661000**

**ANEXO II. FORMULARIOS PARA A XESTIÓN DE EMERXENCIAS.**

FORMULARIO PARA A SOLICITUDE DE AXUDA ANTE EMERXENCIAS

Chamar ó **112**

## FALO ALTO E CLARO!

Transmito a seguinte mensaxe:

### MENSAXE:

Son o Xefe de Emerxencia do CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA acabamos de activar o plan de emerxencia e solicitamos axuda exterior:

- Incendio (se é exclusivamente así empregar formulario de solicitude de axuda dos bombeiros de Pontearreas)
- Danos á saúde (se é exclusivamente así empregar formulario de solicitude de axuda sanitaria)
- Ameaza de bomba ou detección dun paquetesospitoso
- Ameazas de individuos e actosdelituosos
- Outros (especificar)

### INFORMACIÓN

O suceso afecta a (todo ou parte do centro), polo que vamos a proceder á evacuación/ confinamento.

O acceso ao centro é pola Rúa Miguel Ángel Blanco ,estarei agardando identificado con un chaleco de emerxencia.

### RESPOSTA

(Anoto a resposta)

FORMULARIO PARA A SOLICITUDE DE AXUDA SANITARIA

Chamar ó **061**

## FALO ALTO E CLARO!

Transmito a seguinte mensaxe:

### MENSAXE:

Son o Xefe de Emerxencia do CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA chamo para informar dun accidente que precisa atención sanitaria.

### INFORMACIÓN

#### INDICO:

- Feridos \_\_\_\_\_ (número)
- Gravidade: LeveGrave

#### Situación:

- |                                               |                                           |                                        |
|-----------------------------------------------|-------------------------------------------|----------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Desmaio              | <input type="checkbox"/> Fractura         | <input type="checkbox"/> Queimaduras   |
| <input type="checkbox"/> Feridas/cortes       | <input type="checkbox"/> Politraumatismos | <input type="checkbox"/> Electrocución |
| <input type="checkbox"/> Luxacións            | <input type="checkbox"/> Intoxicación     | <input type="checkbox"/> Asfixia       |
| <input type="checkbox"/> Outras (Especificar) |                                           |                                        |

O acceso ao centro é pola Rúa Miguel Ángel Blanco estarei agardando identificado con un chaleco de emerxencia.

### RESPOSTA

(Anoto a resposta)

FORMULARIO PARA A SOLICITUDE DE AXUDA ANTE EMERXENCIAS

Chamar ó **986642830**

## FALO ALTO E CLARO!

Transmito a seguinte mensaxe:

### MENSAXE:

Son o Xefe de Emerxencia do CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA acabamos de activar o plan de emerxencia e solicitamos axuda exterior para o control dun incendio no centro.

### INFORMACIÓN


O suceso afecta a (todo ou parte do centro), polo que vamos a proceder á evacuación/ confinamento.



O acceso ao centro é pola Rúa Miguel Ángel Blanco ,estarei agardando identificado con un chaleco de emerxencia.

### RESPOSTA

(Anoto a resposta)

# PLANO





-  PERCORRIDO DE EVACUACIÓN
-  EXTINTORES, ALARMAS...

**CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA**  
Planta baixa



# PLANO



 PERCORRIDO DE EVACUACIÓN

 EXTINTORES, ALARMAS...

**CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA**  
1ª planta